

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 31 DE XANEIRO DE 2012
POLA QUE SE CORRIXEN ERROS DETECTADOS NA R. R.
DO 20/01/2012 POLA QUE SE CONVOCA UNHA BOLSA-
COLABORACIÓN PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA
DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NAS
OPERACIÓNS NAS SALAS DE VIDEOCONFERENCIA,
DENTRO DO ÁMBITO DO CAMPUS DE OURENSE, PARA O
ANO 2012.**

En virtude das facultades outorgadas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril de 2007 e o artigo 58 do Decreto 7/2010, de 14 de xaneiro, polo que se aprobaron os Estatutos desta Universidade de Vigo - esta Reitoría acorda ditar a seguinte

RESOLUCIÓN

Universidade de Vigo -
Registro Ourense
Saída Nº. 201200001832
31/01/12 12:29:44

Facer as seguintes correccións na R.R. do 20/01/2012:

- Onde di "Resolución Reitoral do 20 de xaneiro de 2012 pola que se aproba o procedemento e Convocatoria dunha Bolsa-Colaboración para a formación complementaria do estudiantado da Universidade de Vigo nas operacións nas Salas de Videoconferencia, dentro do ámbito do campus de Ourense, para o ano 2011" debe dicir "Resolución Reitoral do 20 de xaneiro de 2012 pola que se aproba o procedemento e convocatoria dunha Bolsa-Colaboración para a formación complementaria do estudiantado da Universidade de Vigo nas operacións nas Salas de Videoconferencia, dentro do ámbito do campus de Ourense, para o ano 2012"
- Na base número oito deberá dicir "Rematado o proceso de selección por parte da Comisión, faranse públicas nos taboleiros dos rexistros da Universidade de Vigo, as listas provisionais de persoas admitidas e excluídas de acordo coa puntuación obtida, fixéndose un prazo de tres días hábiles, que se contarán desde o seguinte á publicación das devanditas listas, para que se presenten as alegacións que se consideren oportunas á presidenta da comisión"... "A persoa proposta terá un prazo de 2 días hábiles para presentarse á Vicerreitora do Campus de Ourense".
- Na base número dez deberá dicir "O importe total do crédito orzamentario comprometido para esta convocatoria ascende a 1.738,04 euros, incluíndo a parte da seguridade social a cargo da Universidade de Vigo, esta bolsa estará suxeita aos descontos que lle correspondan".

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses contados desde o seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, os/as interesados/as poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antes mencionado mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 4/99, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Ourense, 31 de xaneiro de 2012

O REITOR P.D. (R.R. 05/09/2011)

A Vicerreitora do campus de Ourense



Assinado.: María Lameiras Fernández